

Nota de prensa  
do SLG

07-05-2009

## Venres 8 de maio: **Mobilizacións conxuntas do sector leiteiro en 14 cabeceiras de comarca**

En rolda de prensa nacional, celebrada na mañá de hoxe, a voceira e voceiros das organizacións sindicais agrarias e a asociación de cooperativas, deron conta da listaxe das **catorce cabeceiras de comarca** nas que **mañá, venres 8, terán lugar as mobilizacións protagonizadas polo sector leiteiro**.

Devanditas accións consistirán maiormente en **manifestacións**, se ben nalgunhas localizacións as e os asistente levarán a cabo **concentracións**. As duración total das accións reivindicativas será de **dúas horas aproximadamente**.

Asemade, foi solicitado o **peche do comercio local, escolas e servizos públicos e privados nas cabeceiras comarcais onde se visualizarán as reivindicacións**. As organizacións agrarias agardamos un forte seguimento desta solicitude de paro na actividade.

A estrutura dos actos reivindicativos, malia a ser flexíbel para a súa mellor adaptación en cada punto desta mobilización nacional descentralizada, contará coas seguintes pautas **orientativas** para a súa cobertura mediática:

**12:00** Inicio da mobilización: **manifestación/concentración**

**12:15/12:30** Toma de declaracións das/os voceiras/os das tres organizacións sindicais e da asociación de cooperativas

**13:00** Quenda de intervencións públicas de cada organización

**13:30** Lectura do manifesto conxunto (adxunto neste correo)

**14:00** Fin da mobilización

\*\*Nos catorce puntos haberá representantes do Sindicato Labrego Galego, aos/ás cales poderedes acudir para obter declaracións ou solicitar o apoio que precisades (Ex.: se non estades na nosa base de datos, poderedes deixarlle ás compañeiras/os os vosos enderezos electrónicos para enviarvos imaxes da mobilización).

CABECEIRA DE COMARCA	CONTACTO	TLF	LUGAR
<b>1.SARRIA</b>	<b>Luis López</b> Responsábel da comarca de Sarria	659 735 862	Manifestación. Comeza: Diante do concello Remata: Diante do concello
<b>2.PALAS</b>	<b>Adolfo Cabarcos,</b> Responsábel da Secretaría de Sectores Gandeiros	686 304 122	Manifestación. Comeza: Concello Remata: Praza De Galiza
<b>3.CHANTADA</b>	<b>Ana Rodríguez</b> Responsábel Comarcal de Chantada	659 057 251	Manifestación. Comeza: Alameda Remata: Praza do Cantón
<b>4.VILALBA</b>	<b>Lupe Prado,</b> Responsábel do Sector Lácteo	685 805 783	Manifestación. Comeza: Praza da Constitución Remata: Praza da Constitución
	<b>Margarida Prieto</b> Responsábel Comarcal Terra Chá	659 985 308	
<b>5.MEIRA</b>	<b>Isabel Villalba</b> Secretaria de Servizos ao medio rural e soberanía alimentar	608 905 444	Manifestación. Comeza: Praza do concello Remata: Praza do concello
<b>RIBADEO</b>	<b>Antonio Villarino</b> Coordenador comarcal de A Mariña	630 970 132	Manifestación. Comeza: O Xardín, diante do Instituto Gamallo Fierros Remata: Diante do concello
<b>7.ARZÚA</b>	<b>Xulio Fernández</b> Responsábel da zona Arzúa – Melide	686 936 429	Concentración con acto de reparto de leite. Praza do concello
<b>8.BETANZOS</b>	<b>Xosé Ramón Cendán,</b> Responsábel Comarcal A Coruña	619 900 002	Concentración Praza do Campo/García Hermanos (Intervencións) Saída en manifestación até Praza da Constitución (Lectura manifesto)
<b>9.MELIDE</b>	<b>José Ángel García</b>	680 444 391	Concentración Cantón de San Roque
<b><u>10.ORDES</u></b>	<b>Xosé Manuel Calvo</b> Secretario de Ordenación Territorial e Estruturas	686 304 118	<b><u>MOBILIZACIÓN CENTRAL</u></b> <b>Manifestación dende a Praza da Feira até diante do Concello de Ordes</b>
	<b>CARME FREIRE CRUCES,</b> <b>Secretaria Xeral do SLG</b>	<b>619 348 426</b>	
<b>11.SANTA COMBA</b>	<b>Lara Barros</b> Responsábel do local de Compostela	699 924 632	Manifestación. Saída e chegada diante da Casa da Cultura no Campo da Feira
<b>12.VIMIANZO</b>	<b>Manuel Cao</b>	686 552 674	Concentración Praza do Concello

			Saída en manifestación
<b>13.A ESTRADA</b>	<b>Marcos Louzao</b> Resposábel Comarcal Tabeirós-Terra de Montes	<b>659 211 523</b>	Manifestación Comeza da Praza do Concello Remata Praza Martínez Anido
<b>14.LALÍN</b>	<b>Lidia Senra Rodríguez,</b> <b>Secretaria de Organización do SLG</b>	<b>609 845 861</b>	Manifestación Saída Praza da Marina Remata Praza da Igrexa

Moitas grazas pela vosa atención

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

**Vera-Cruz Montoto Vázquez**

**Coordenadora do Gabinete de Prensa do SLG**

**TLF: 649 541 773**